

Concreción Curricular

IES ARCEBISPO XELMÍREZ I

REVISIÓN^o:

DATA:



Índice

| | |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|
| a. A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro | 1 |
| b. A contribución á adquisición das competencias clave | 12 |
| c. Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais | 17 |
| d. Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía | 21 |
| e. Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos | 24 |
| f. Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso | 26 |
| g. Os criterios para o deseño das actividades complementarias | 28 |
| h. Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso | 36 |
| i. Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso | 39 |
| j. Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación | 42 |
| k. Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso | 48 |

| | |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------|----|
| l. As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas | 50 |
| m. Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas | 52 |
| n. O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular | 54 |
| o. Outros apartados | 55 |

a. A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

O instituto de educación secundaria Arcebispo Xelmírez I é un centro público dependente da Consellaría de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que imparte estudos de Ensino Secundario Obrigatorio, Bacharelato, en réxime ordinario e en réxime de persoas adultas, un ciclo formativo de Formación Profesional de grao medio de Video Disc Jockey e Son, con oferta ordinaria e módulos formativos no réxime de persoas adultas, un ciclo de Formación Profesional Básica de Informática de oficina, e un curso de Ensinanzas Básicas Iniciais. Con tal variedade de estudos e, xa que logo, un perfil tan diferente de alumnado, os obxectivos xerais teñen de ser necesariamente amplos e xerais como para atinxir a un espectro de alumnado tan grande.

Tendo en conta o que acabamos de indicar, o noso centro educativo formula os seguintes obxectivos xerais para o alumnado:

- a. Asumir responsabelmente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar o bo trato, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio dunha cidadanía democrática.
- b. Favorecer a toma de decisións colectivas, respectando os acordos acadados.
- c. Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galiza, sensibilizar sobre a súa conservación e a súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas. Promover o uso da lingua galega dentro e fóra das aulas.
- d. Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- e. Fortalecer as capacidades afectivas do alumnado en todos os ámbitos

da personalidade e xestionar pacificamente os conflitos a través das estruturas de convivencia do centro (titorías de convivencia, equipos de axuda, mediación...).

- f. Lograr unha relación entre os pais-nais, alumnado e profesorado baseada no respecto mútuo e o recoñecemento, procurando dar resposta ás iniciativas que presenten.
- g. Participar naquelas actividades de tipo cultural, deportivo ou lúdico que favorezan a integración e a relación dos noso alumnado con outras realidades. Programar saídas pola nosa contorna.
- h. Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- i. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade.
- j. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á mellora ambiental.
- k. Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando medios de expresión e representación.
- l. Fomentar o traballo autónomo e individual prestando especial atención a aqueles alumnos/as que presenten NEAE.
- m. Favorecer o desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares co fin de educar para o ocio.
- n. Coordinar a actuación do profesorado na consecución de hábitos, normas de comportamento e coidado do contorno por parte do alumnado.
- o. Unificar criterios do profesorado encamiñados a conseguir unha maior eficacia na utilización dos espazos do centro, nomeadamente as aulas materia.
- p. Favorecer que o alumnado use as tecnoloxías da información e a

comunicación dun xeito responsable.

Os obxectivos da etapa son os logros que se espera que o alumnado alcance ao finalizar a etapa e cuxa consecución está vinculada á adquisición das competencias clave. Así quedan definidos no artigo 6 e enumerados no 7 do Decreto 156/2022, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e do Decreto 157/2022, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato, desenvolvendo a Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio, de Educación (en adiante, LOMLOE).

Atendendo ao anterior, a educación secundaria obrigatoria no noso centro contribuirá a desenvolver no alumnado os obxectivos que lle permitan:

- a. Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- b. Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c. Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.
- d. Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- e. Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

- f. Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- g. Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- h. Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, con especial atención ás relacionadas co ámbito local, ou a outras culturas do mundo.
- i. Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, fomentando a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado de si mesmos e da súa contorna.
- j. Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia en xeral, e de Santiago de Compostela en particular, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- k. Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Pola súa banda, o Bacharelato contribuirá no noso centro a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a. Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsábel, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- b. Consolidar unha madureza persoal, afectivo-sexual e social que lle permita actuar de forma respectuosa, responsábel e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.
- c. Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- d. Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e. Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f. Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g. Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h. Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu ámbito social.
- i. Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

- j. Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente e a ordenación sustentábel do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- k. Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo confianza nun mesmo e sentido crítico.
- l. Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- m. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.
- n. Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudábel.
- o. Fomentar unha actitude responsábel e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentábel.
- p. Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e en particular o de Santiago e a súa contorna, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Os obxectivos xerais dos ciclos formativos que se imparten no centro veñen recollidos nos correspondentes Decretos autonómicos que regulan os estudos de Formación Profesional.

En concreto, para cada un deles:

-Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos, entre eles o Currículo do ciclo formativo de formación profesional básica do título profesional básico en Informática de Oficina.

Segundo o Decreto anterior, as ensinanzas da FPB informática de oficina no noso centro contribuirá a desenvolver no alumnado uns obxectivos xerais que lle permitan:

- a. Instalar aplicacións informáticas, integrándoas no sistema operativo e na rede da oficina, para o seu uso en rede no tratamento e na impresión de datos, textos e presentacións, e o seu posterior arquivamento.
- b. Utilizar as aplicacións informáticas para tratamento de texto e follas de cálculo aplicando procedementos de escritura ao tacto con exactitude e rapidez, utilizando un sistema de gravación seguro.
- c. Desenvolver actividades de rexistro e encadernación de documentos.
- d. Ensamblar e conectar compoñentes e periféricos utilizando as ferramentas axeitadas, aplicando procedementos e normas, para montar sistemas microinformáticos e redes, interpretando e aplicando as instrucións de catálogos de fabricantes de equipamentos e sistemas.
- e. Substituír e axustar compoñentes físicos e lóxicos para manter sistemas microinformáticos e redes locais, aplicando técnicas de localización de avarías sinxelas nos sistemas e nos equipamentos informáticos, seguindo pautas establecidas, para manter sistemas microinformáticos e redes locais.
- f. Identificar e aplicar técnicas de verificación na montaxe e no mantemento, seguindo pautas establecidas para realizar comprobacións rutineiras.
- g. Situar e fixar canalizacións e demais elementos dunha rede local con cables, sen fíos ou mixta, aplicando procedementos de montaxe e protocolos de calidade e seguridade, para instalar e configurar redes locais.
- h. Aplicar técnicas de preparación, conformación e guía de cables, preparando os espazos e manexando equipamentos e ferramentas, para tender o cableamento en redes de datos.
- i. Recoñecer e manexar as ferramentas do sistema operativo e dos periféricos, para realizar configuracións e resolver problemas de acordo coas instrucións de fábrica.

- j. Elaborar e modificar informes sinxelos e fichas de traballo para manexar aplicacións ofimáticas de procesadores de texto.
- k. Comprender os fenómenos que acontecen no contorno natural mediante o coñecemento científico como un saber integrado, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar e resolver problemas básicos nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- l. Desenvolver habilidades para formular, interpretar e resolver problemas, e aplicar o razoamento de cálculo matemático para se desenvolver na sociedade e no contorno laboral, e para xestionar os seus recursos económicos.
- m. Identificar e comprender os aspectos básicos de funcionamento do corpo humano e pólos en relación coa saúde individual e colectiva, e valorar a hixiene e a saúde para permitir o desenvolvemento e o afianzamento de hábitos saudables de vida, en función do contorno.
- n. Desenvolver hábitos e valores acordes coa conservación e a sustentabilidade do patrimonio natural, comprendendo a interacción entre os seres vivos e o medio natural, para valorar as consecuencias que se derivan da acción humana sobre o equilibrio ambiental.
- o. Desenvolver as destrezas básicas das fontes de información utilizando con sentido crítico as tecnoloxías da información e da comunicación, para obter e comunicar información no contorno persoal, social ou profesional.
- p. Recoñecer características básicas de producións culturais e artísticas, aplicando técnicas de análise básico dos seus elementos, para actuar con respecto e sensibilidade cara á diversidade cultural, o patrimonio histórico-artístico e as manifestacións culturais e artísticas.
- q. Desenvolver e afianzar habilidades e destrezas lingüísticas e alcanzar o nivel de precisión, claridade e fluidez requiridas, utilizando os coñecementos sobre as linguas galega e castelá, para se comunicar no seu ámbito social, na súa vida cotiá e na actividade laboral.

Decreto 200/2013 Técnico en Vídeo Disc-jockey e Son

Segundo o Decreto anterior, as ensinanzas do CM Vídeo Disc-jockey e Son no noso centro contribuirá a desenvolver no alumnado un son uns obxectivos xerais que lle permitan:

- a. Valorar as necesidades do público en sesións de animación musical e visual, e da audiencia en emisoras de radio, tendo en conta os criterios comerciais e de programación que se poden aplicar en diversos tipos de empresas e as posibles accións de promoción que se vaian emprender, co fin de definir a forma e o contido de sesións de animación musical e visual.
- b. Analizar as funcións e os perfís profesionais técnicos e artísticos valorando o estilo musical e as tendencias da sesión, para determinar os medios humanos necesarios na realización de sesións de animación musical e visual.
- c. Valorar as prestacións de equipamentos e materiais utilizados en sesións de animación musical e visual, analizando o seu funcionamento e as súas características, para determinar os medios técnicos e materiais necesarios na realización de sesións de animación musical e visual.
- d. Aplicar criterios de óptimo aproveitamento de recursos e de programación de actividades analizando obxectivos estilísticos, organizativos, promocionais e orzamentarios, para determinar os medios humanos e materiais de sesións de animación musical e visual.
- e. Avaliar as necesidades e as modalidades de obtención de recursos musicais e visuais empregados na realización de sesións de animación musical e visual, ou en emisoras de radio, analizando tendencias e distribuidores de recursos e aplicando a normativa de propiedade intelectual, para manter actualizado o catálogo de recursos musicais e visuais dunha sala ou dunha emisora de radio.
- f. Aplicar as técnicas de obtención, manipulación e edición de ficheiros musicais, valorando as características de diversos tipos de público e a estrutura das sesións de animación en sala ou en emisora de radio, para

- a súa preparación e a súa edición definitiva.
- g. Aplicar as técnicas de obtención, captación, manipulación e edición de imaxe fixa e móbil e de ficheiros visuais, valorando as características de diversos tipos de público e a estrutura das sesións de animación, para proceder á súa preparación e á súa edición definitiva.
 - h. Avaliar as técnicas e as características da iluminación que cumpra empregar en sesións de animación musical e visual, relacionando a consecución da máxima espectacularidade na sala co transcurso da continuidade da música e o vídeo, para planificar e operar a iluminación nas sesións.
 - i. Avaliar as características técnicas e operativas dos equipamentos de son que interveñen en calquera tipo de proxectos sonoros, analizando as súas especificidades, as interrelacións, as comprobacións e os axustes necesarios, para proceder á súa montaxe e á súa conexión nos espazos de destino.
 - j. Avaliar as características técnicas e operativas dos equipamentos de imaxe e iluminación que interveñen en proxectos de animación musical e visual, analizando as súas especificidades, as interrelacións, as comprobacións e os axustes necesarios, para proceder á súa montaxe e desmontaxe nos espazos de destino.
 - k. Analizar os procedementos de manipulación e mantemento preventivo de equipamentos e materiais empregados nas operacións loxísticas de transporte e almacenamento en proxectos de son e en sesións de animación musical e visual, valorando a aplicación de protocolos de seguridade persoal e de conservación material, para proceder á súa montaxe e desmontaxe nos espazos de destino.
 - l. Realizar os procesos de documentación de calquera tipo de proxectos sonoros e sesións de animación musical e visual, valorando a necesidade de conservación de documentos xerados no exercicio do traballo, tales como gráficos, riders, ficheiros sonoros, musicais, visuais, etc., para a consecución dun son de calidade óptima e sen interferencias.
 - m. Analizar as características técnicas e operativas dos micrófonos e os

seus accesorios, relacionando as súas particularidades, as súas posibilidades e as súas limitacións cos obxectivos da toma, para a consecución dun son de calidade óptima e sen interferencias

- n. Valorar a selección dos equipamentos técnicos e das técnicas máis axeitadas en diversas situacións de mestura, edición, gravación e reprodución de calquera tipo de proxectos de son, a partir da análise das súas características técnicas e operativas, para a realización da mestura directa, a edición, a gravación e a reprodución en calquera tipo de proxectos de son.
- o. Aplicar técnicas de adecuación ás evolucións de resposta do público na sala, valorando os tempos e os ritmos da música e da imaxe, para mesturar en directo os compoñentes musicais e de imaxe da sesión de animación musical e visual.
- p. Avaliar as posibilidades de utilización dos protocolos estandarizados empregados durante a evolución da sesión, analizando o seu xeito de aplicación e as súas posibles consecuencias, para a resolución de conflitos durante o desenvolvemento das sesións de animación musical e visual.
- q. Valorar o uso das ferramentas das tecnoloxías da información e da comunicación, analizando as súas características e as súas posibilidades nos sectores do son e a animación musical e visual, para a súa actualización e a súa aplicación constantes no exercicio da práctica profesional.
- r. Desenvolver traballos en equipo, e valorar a súa organización, participando con tolerancia e respecto, e tomar decisións colectivas ou individuais para actuar con responsabilidade e autonomía.
- s. Adoptar e valorar solucións creativas ante problemas e continxencias que se presenten no desenvolvemento dos procesos de traballo, para resolver de xeito responsable as incidencias da súa actividade.
- t. Aplicar técnicas de comunicación, adaptándose aos contidos que se vaian transmitir, á súa finalidade e ás características das persoas receptoras, para asegurar a eficacia do proceso.

- u. Analizar os riscos ambientais e laborais asociados á actividade profesional, en relación coas súas causas, co fin de fundamentar as medidas preventivas que se vaian adoptar, e aplicar os protocolos correspondentes para evitar danos propios, nas demais persoas, no contorno e no ambiente.
- v. Analizar e aplicar as técnicas necesarias para dar resposta á accesibilidade e ao deseño universais.
- w. Aplicar e analizar as técnicas necesarias para mellorar os procedementos de calidade do traballo no proceso de aprendizaxe e do sector produtivo de referencia.
- x. Utilizar procedementos relacionados coa cultura emprendedora, empresarial e de iniciativa profesional, para realizar a xestión básica dunha pequena empresa ou emprender un traballo.
- y. Recoñecer os seus dereitos e deberes como axente activo na sociedade, tendo en conta o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.
- z. Analizar e utilizar os recursos existentes para a aprendizaxe ao longo da vida, e as tecnoloxías da información e da comunicación, para aprender e actualizar os seus coñecementos, recoñecendo as posibilidades de mellora profesional e persoal, para se adaptar a situacións profesionais e laborais.
- aa. Analizar e valorar a participación, o respecto, a tolerancia e a igualdade de oportunidades, para facer efectivo o principio de igualdade entre mulleres e homes.

b. A contribución á adquisición das competencias clave

As competencias clave son definidas no artigo 6 dos Decretos 156/2022 e 157/2022 como os desempeños que se consideran imprescindíbeis para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais. Son a adaptación ao sistema educativo das competencias clave establecidas na Recomendación do Consello da Unión Europea, do 22 de maio de 2018 relativa ás

competencias clave para a aprendizaxe permanente, e aparecen recollidas no perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico. Así mesmo, eses desempeños evidéncianse nas capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

Posteriormente, no artigo 8 dos nomeados Decretos enuméranse as competencias clave da etapa, para os efectos das normas mencionadas, establecéndose as oito seguintes:

1. Competencia en comunicación lingüística (CCL).
2. Competencia plurilingüe (CP).
3. Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).
4. Competencia dixital (CD).
5. Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
6. Competencia cidadá (CC).
7. Competencia emprendedora (CE).
8. Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

Competencia en comunicación lingüística.

1. Fomentar a lingua propia do país en todos os ámbitos de relación dentro do centro. Pór en marcha estratexias que melloren a competencia oral do alumnado na lingua galega. Asociar a lingua galega á modernidade, á actualidade e ao prestixio.
2. Desenvolver, dende todas as materias, actuacións destinadas a incrementar espazos de uso para a lingua galega e á eliminación de prexuízos, de xeito que o noso alumnado poida acadar ao final da etapa educativa similar competencia en galego e castelán.
3. Fomentar a lectura como parte do lecer individual.
4. Empregar unha linguaxe adecuada ao receptor (idade, contexto) facendo fincapé en como falamos e en como nos presentamos perante o mundo.

5. Emprego da linguaxe como elemento de construción e organización do propio pensamento, que nos axuda a regular non só as emocións senón tamén a conduta.

A biblioteca escolar será un instrumento fundamental nas actuacións destinadas a afianzar o hábito da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción de información, en apoio da adquisición das competencias clave.

A adquisición da competencia informacional ALFIN/AMI é responsabilidade de todo o profesorado. A Biblioteca disporá os recursos, orientará na súa utilización e deseñará, xunto co resto dos docentes programas de formación na busca, selección e uso das fontes informativas e do traballo documental.

Competencia plurilingüe:

1. Centrar a aprendizaxe das LE nas destrezas orais.
2. Brindarlle ao noso alumnado modelos reais de lingua a través da figura do Auxiliar de Conversa.

STEM: Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.

1. Empregar o método científico para que a aprendizaxe sexa significativa.
2. Procurar a mellor dotación para o centro dos recursos tecnolóxicos precisos para que haxa lugar á innovación.
3. Estabelecer os mecanismos máis axeitados para optimizar a conectividade do centro.

Competencia dixital.

1. Facilitar o desenvolvemento do traballo en rede e visibilizar a actividade do centro a través da web oficial, das diferentes páxinas e blogs de aula e da Aula Virtual e Agueiro
2. Alcanzar os obxectivos establecidos no Plan Dixital de Centro, avalialos e formular novos retos.

3. Empregar as TICs como ferramentas de investigación, consulta, referencia ou creación.
4. Afondar no uso seguro, saudábel, sostíbel, crítico e responsábel das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe no traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción con ditas tecnoloxías.

Competencia persoal, social e de aprender a aprender.

1. Desenvolver a capacidade de autoconñecemento e aceptación dun mesmo.
2. Contribuír a xestionar a información de xeito eficaz e a mellorar a xestión do tempo.
3. Estabelecer o traballo en grupo como parte da vida cotiá do centro educativo, fomentando a interacción non só co alumnado do propio grupo-clase senón doutros cursos, desenvolvendo a capacidade de colaborar de forma construtiva.
4. Desenvolver habilidades para o autocoidado e para o coidado das persoas que nos rodean a través da corresponsabilidade.
5. Promover a participación e implicación das familias nas actividades de centro, facéndoas partícipes da realidade do mesmo.

Competencia cidadá.

1. Facilitar modelos profesionais e vitais diversos que favorezan unha perspectiva aberta, plural e positiva.
2. Estabelecemento de ámbitos de socialización que favorezan o coñecemento e a convivencia dentro da comunidade educativa co fin de ofrecer contextos onde visibilizar as boas prácticas.
3. Garantir a integración transversal da incorporación da perspectiva de xénero e do principio de igualdade de oportunidades na documentación organizativa do centro educativo.
4. Afondar no coñecemento da súa identidade (lingüística, medioambiental, cultural, de xénero...) co fin de crear unha cidadanía crítica, tolerante e segura de si.

Competencia emprendedora.

1. Brindarlle ao noso alumnado espazos e oportunidades nos que poida suxerir, crear, mostrar ou compartir destrezas e habilidades propias.
2. Desenvolver habilidades para tomar decisións partindo da información e o coñecemento.

Competencia en conciencia e expresión culturais.

1. Achegar ao noso alumnado diferentes manifestacións culturais desde a perspectiva do respecto á diferenza.
2. Fomentar a actitude crítica e positiva perante a diversidade cultural no mundo.
3. Achegar manifestacións artísticas e culturais ao alumnado, emprestando especial atención a aqueles máis desfavorecidos.
4. Dar a coñecer o contorno máis inmediato, para que, a partir do coñecemento e estima polo propio, se eduquen persoas respectuosas co alleo.

Xa que logo, a contribución ás competencias clave concrétase nas respectivas programacións didácticas de cada materia e nivel, se ben mantendo sempre o principio do desenvolvemento integral do conxunto das competencias seguindo os principios pedagóxicos especificados no apartado correspondente.

A intervención educativa en cada unha das materias de cada etapa desenvolverá o seu currículo e tratará de asentir de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto das materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos currículos vixentes e que se axusten á finalidade buscada, así como

empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

c. Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

Os criterios que seguiremos para incorporar os elementos transversais terán en conta:

- A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballarase en todas as materias.
- Promoverase a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.
- Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade das diferentes realidades en canto a orientación e identidade sexual.
- Empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

- Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.

O tratamento transversal en valores

Entre os fins da educación no IES A. Xelmírez I salientamos o pleno desenvolvemento da identidade, da personalidade e das capacidades intelectuais e afectivas do alumnado, a formación no respecto aos dereitos e liberdades fundamentais e á igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres, o recoñecemento da diversidade afectivo-sexual, así como a valoración crítica das desigualdades, que permita superar os comportamentos sexistas. Os valores teñen que estar presentes ao longo de toda a vida educativa dos e das estudantes, que teñen que asumir responsabelmente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás outras persoas, practicar o coidado, a cooperación e a solidariedade entre seres humanos e grupos, exercitándose no diálogo e afianzando os dereitos fundamentais como valores comúns dunha sociedade plural para o exercicio dunha cidadanía democrática.

Tendo en conta o artigo o artigo 18 do Decreto 156/2022, o artigo 19 do Decreto 157/2022, e o indicado no parágrafo anterior, o centro propón abordar os elementos transversais do currículo a través das programacións didácticas, de proxectos interdisciplinares que se desenvolvan no centro, do plan de acción titorial e das actividades formativas e complementarias que se organicen dende os departamentos didácticos (obradoiros, conferencias,...) para conquistar os seguintes obxectivos:

1. Potenciar nos nosos alumnos e alumnas a participación activa, a colaboración solidaria, o respecto por outras formas de pensar e actuar e o rexeitamento de actitudes e ideas que supoñan discriminación de

persoas en situacións de inxustiza e desigualdade, nomeadamente con persoas con necesidade educativa de apoio educativo.

2. Educación cívica. A análise da situación das persoas marxinadas desde un punto de vista histórico e comparativo, fomentando o debate e a participación. O noso obxectivo é valorar positivamente a diversidade humana, impedindo o aparecemento de condutas xenófobas e intolerantes. Téntase fomentar nos alumnos e alumnas unha valoración positiva da diversidade cultural do mundo, como factor de enriquecemento persoal.
3. Educación para a saúde. Traballar conxuntamente para que o noso alumnado adquira modos de vida saudábel, hixiene, desenvolvemento de hábitos alimentarios saudables, potenciación da actividade física, educación emocional, esforzo, atención compromiso e autocrítica.
4. Educación para a paz. O estudo dos pobos e sociedades doutros lugares do planeta como contidos conceptuais de diversas materias e transversais permítenos realizar actividades que aviven o interese dos alumnos e alumnas polo coñecemento e comprensión de pobos e culturas diferentes á nosa. Ademais, o eixe condutor desenvolvemento-subdesenvolvemento fomenta actitudes favorábeis á cooperación con outros países ou con zonas máis desfavorecidas dentro do Estado Español e de Galiza. Nese mesmo sentido, promovemos a xestión pacífica de conflitos, en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, comezando polo propio centro, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo, o respecto aos dereitos humanos fronte a calquera tipo de violencia (nomeadamente a machista, a xenófoba e a homófoba,...).
5. Educación non sexista. Fomentaremos a educación para a igualdade efectiva de sexos, evitando a discriminación por motivo sexual que aínda persiste na nosa sociedade, fomentando o pensamento crítico e activo a través de currículos igualitarios e materiais con perspectiva coeducativa. As datas significativas (25N, 11F, 8M...) servirán de estímulo e referente para incorporar estes contidos ao traballo cotiá na aula.

6. Educación ambiental. A descrición dos diversos medios naturais da Terra e a análise das relacións do ser humano e o medio natural en cada un deles é o fío condutor do noso proxecto. Os contidos están orientados a esta temática e dan as pautas para a análise de problemas ambientais concretos: espazos; problemas; transformación do medio e os seus límites éticos; desenvolvemento sostíbel (reciclaxe de materiais, hortas escolares desde materias diferentes, como a bioloxía, proxecto interdisciplinar, economía...), fomentando a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.
7. No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respectando as normas e os sinais, e favorecendo a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

Ademais destes obxectivos formativos, cómpre atender os seguintes obxectivos específicos:

1. Fomentar a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade, que se traballarán en todas as materias.
2. Evitar comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón de orientación sexual ou de identidade de xénero. A linguaxe será libre de prexuízos e estereotipos sexistas.

3. Fomentar medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor a partir da creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza en un mesmo e o sentido crítico.

Neste curso 2023-24, seguindo o establecido nos distintos proxectos ou plans do centro, todos os departamentos didácticos do IES Arcebispo Xelmírez I traballarán, desde as distintas áreas de aprendizaxe, os seguintes temas transversais:

- Universo da inclusión: o traballo, que se desenvolverá ao longo do curso, centrarase no universo inclusivo, lingüístico e científico, apostando pola educación en valores tendo como eixe central o universo inclusivo e cultural.
- A Identidade, abordada a través do PDI de centro Tecendo Identidade(s), como un tema paraugas que abarca a identidade lingüística, cultural, medioambiental, de xénero...
- A Convivencia positiva.
- A igualdade.
- As emocións.

Ademais, outros proxectos e iniciativas do centro nos que se traballan os temas transversais serían os seguintes:

- Plan de Acción Titorial
- Clubs de Lectura
- Contratos-programa
- Grupo Solidario

d. Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

O IES A. Xelmírez I aposta por una metodoloxía activa e participativa que favoreza o logro dos obxectivos e a adquisición e desenvolvemento adecuado das competencias clave previstas para cada unha das etapas educativas ofertadas no noso Centro.

A acción educativa ten en conta o principio da diversidade do alumnado, por iso temos en conta os diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe para garantir o desenvolvemento de todo o alumnado. Entre as actuacións nese senso ofertamos agrupamentos específicos nos cursos da ESO nas materias instrumentais, aplicación de medidas para o alumnado con necesidades específicas de aprendizaxe, desdobres nas materias de 1ª linguas estranxeiras máis numerosas, unha rede de reforzos dentro das aulas, a flexibilización do currículo para alumnos que o necesiten ou a atención personalizada de alumnado en atención domiciliaria.

No contexto das Aulas Materia do noso centro favorécese a participación do alumnado na dinámica xeral das clases, sendo o profesor/a o papel de guía do proceso de ensino-aprendizaxe.

O traballo cooperativo é outro dos nosos piares, tanto nos traballos, nas exposicións ou nas lecturas como nas actividades extraescolares e complementarias.

No noso punto de mira tamén está a aprendizaxe por proxectos que promove a interdisciplinidade para reforzar a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Así como todas aquelas actividades que lle permita ao noso alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Como as tecnoloxías da información e da comunicación deben ser una ferramenta necesaria para a aprendizaxe en todas as materias, todo o alumnado ten acceso á Aula Virtual de Moodle que servirá de guía en todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe. Fomentaranse actividades que promovan o uso das novas tecnoloxías e o emprego das pantallas dixitais que temos en todas as aulas.

Partindo da vida real do alumnado, da súa contorna inmediata e das súas experiencias concretas facemos que obteñan aprendizaxes significativas. Así traballamos aprendizaxes en contextos de traballo reais, o noso alumnado de CM Vídeo Disc-jockey e Son organiza os diferentes festivais e actividades programadas no salón de actos (Entroido, Nadal, Graduacións, Actos institucionais,...) e apostamos tamén por unha aprendizaxe por servizo

solidario, tomando conciencia da realidade social máis próxima con proxectos como o do noso Grupo Solidario.

Asimesmo, no les A. Xelmírez I animamos á reflexión, á dedución de conclusións a partir de observacións ou de exploracións (Aula Bosque, Laboratorios, a Horta do Centro,...) á confrontación de opinións, á inferencia racional e á verbalización das emocións, moi traballadas con actividades variadas nas titorías da man do Equipo de Convivencia do Centro.

Ademais, a lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave, polo que se entende que é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Poñemos en valor en todos os cursos o papel da Biblioteca como lugar de lectura, consulta e estudo. O fomento da lectura desde este espazo concrétase cos diferenres clubs de lectura, convocatorias de Premios e proxectos interdisciplinares para promover o traballo colaborativo e a creatividade.

Por último, estamos dando pequenos pasos no tratamento integrado das linguas ofertadas no centro, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. As medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas expone no noso Proxecto lingüístico de centro, como acordos sobre a terminoloxía, tratamento que se lles dará aos contidos, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns, e criterios de avaliación similares nas distintas materias lingüísticas.

En suma, o noso enfoque metodolóxico propón:

- Partir do que o alumnado xa sabe para servir de apoio ás novas aprendizaxes.
- Respetar as particularidades de cada alumno/a, adaptando os métodos, as actividades e os recursos aportados.

- Empregar técnicas e soportes variados que permiten á vez o desenvolvemento da capacidade crítica e creativa así como a motivación.
- Favorecer a autoevaluación como ferramenta para pór de relevo a realidade e xulgala obxectivamente.
- Promover argumentacións razoadas, a convivencia, o respecto aos demais e a non discriminación sexual, relixiosa ou étnica.
- Presentar tarefas como un desafío, como unha meta, o que aumentará o interese do alumnado e contribuirá a incrementar o grao de autonomía e a consideración positiva cara o esforzo.
- Afacer o alumnado ao traballo en grupo, pondo en común capacidades e intereses, estimulando o diálogo, salientando a responsabilidade individual e a solidariedade e axudando á toma de decisións colectivas.
- Fomentar a participación en proxectos de centro (Programas ERASMUS+, Intercambios Lingüísticos, etc) que promovan o tratamento transversal de contidos e o traballo interdisciplinar.

e. Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

Entre os recursos inventariables do IES Arcebispo Xelmírez I podemos citar de modo resumido os seguintes:

- a. Aulas Materia, dotadas de material específico a disposición tanto do profesorado como do alumnado.
- b. Biblioteca escolar e aulas específicas destinadas a laboratorios de Bioloxía, Ciencias Naturais, Física e Química, aula de convivencia, Polo Creativo, aula de Debuxo e aula-taller de Tecnoloxía, dotadas con material específico.
- c. Dúas aulas de informática nas que se imparten tanto as materias relacionadas coas TIC, como o ciclo básico de Informática de Oficina.
- d. Departamento de orientación, dotado material manipulable e probas e tests estandarizados.
- e. Mencionar ademais que todas as aulas contan con proxector, ordenador portátil e altosfalantes.

Ademais, en Ciclos Medios (CM Vídeo Disc-Jockey E Son) contamos con:

- a. Unha Aula Técnica cun estudio de gravación e todos os aparellos necesarios para poder desenvolver as aulas por parte do profesorado.
- b. Dúas aulas con proxector, ordenador do profesorado, altosfalantes e PCs para cada alumno/a co software axeitado para impartir os diferentes módulos.

Para todos estes recursos e aqueles outros que non figuran aquí especificamente mencionados son aplicables os seguintes criterios xerais de solicitude, adquisición e emprego:

- a. Toda a comunidade educativa debe facerse cargo do bo uso e conservación dos materiais e recursos compartidos.
- b. Os medios, na súa totalidade, son compartidos por todo o equipo docente, na procura de atender axeitadamente as demandas educativas.
- c. Independentemente de que o reparto orzamentario debe garantir que todos os departamentos dispoñan de efectivo para as necesidades de cada materia, tamén é preciso garantir, tal e como se recolle no PEC, que eses medios estean en situación de seren utilizados polos demais. Despois a PXA debe establecer a forma mais efectiva da utilización deses medios.
- d. O centro velará, na medida do posíbel, de que as necesidades de material dos departamentos estean debidamente atendidas.
- e. Teranse en conta tamén as necesidades do alumnado que presenta problemas de tipo económico, facilitándolle en sistema de empréstamo temporal o material preciso para levar a cabo o seu traballo.
- f. A dirección do centro solicitará as axudas e apoios necesarios para o mantemento do noso patrimonio histórico: biblioteca antiga, arquivo histórico e museo.

Noutra orde de cousas, e dado que é a Administración a que debe dotar dos medios inventariábeis para uso dos institutos, desde a dirección en particular, e desde todos os estamentos educativos en xeral, debe

reclamarse tanto a dotación precisa como a reposición do material que, por uso ou polo paso do tempo, quede inservíbel ou obsoleto para acadar os obxectivos programados

f. Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

Por tradición, no centro mantemos un grande abano de ensinanzas.

ESO, BAC , EBI , ESA , BAC ADULTOS, CM da familia de imaxe e son e FPB informática de oficina.

ESO: A oferta educativa no Ensino Secundario Obrigatorio no noso centro contempla os seguintes criterios traballados e aprobados en CCP, Claustro e Consello Escolar:

- Os Reforzos en materias do bloque de materias troncais.
- Coñecemento da Segunda Lingua Estranxeira.
- A mellora das Competencias clave.
- A ampliación de coñecementos das diferentes materias.
- O carácter teórico-instrumental dalgunhas materias.

A oferta educativa da ESO trata de dar resposta aos intereses e necesidades do alumnado, ao mesmo tempo que optimiza os recursos humanos de que dispoñemos, respectando a normativa vixente.

Ademais das materias de cada nivel, o alumnado da ESO terá tamén unha sesión semanal de titoría.

O Decreto 156/2022 dispón que en 1º e 2º da ESO os centros disporán de 2 sesións lectivas de libre disposición para incrementar a carga lectiva das materias que o centro decida. No noso centro increméntanse nas áreas de lingua galega e lingua castelá, unha en 1º de ESO e a outra en 2º

Cabe destacar que as linguas estranxeiras para nós é un pilar fundamental e noso centro impártense como linguas estranxeiras alemán, francés, inglés e portugués. Calquera delas poderá ser ofertada como primeira ou segunda lingua estranxeira. Para afianzar estas linguas ofertamos tamén seccións bilingües en inglés, francés e portugués.

Como criterio xeral, as materias optativas, as linguas estranxeiras impartiranse se o número de estudantes que as elixan no momento de matriculárense acada o mínimo esixido, de acordo cos criterios vixentes encanto a número de alumnado por materia e a outros factores de tipo organizativo.

En Bacharelato a oferta é a seguinte:

1º e 2º de Bacharelato: Modalidades de Ciencia e Tecnoloxía e de Humanidades e CCSS cun grande abanos de optativas que se reflicten na folla de matrícula.

As linguas estranxeiras volven igual que na ESO un factor importante tendo como 1ª Lingua estranxeira Inglés, Francés e Alemán e 2ª Lingua estranxeira Inglés, Francés, Alemán e Portugués.

O decreto 157/2022 dispón que en bacharelato alumnado que non opta pola materia de relixión terá unha hora de libre disposición que se dedicará a atención educativa. Nesa hora poderán facer tarefas escolares e estudo.

As ensinanzas de Formación Profesional autorizadas no noso centro ordénanse en Ciclos Formativos de Formación Profesional Básica e de Grao Medio. En concreto, impártese o Ciclo de Formación Profesional Básica de Informática de Oficina e o Ciclo Formativo de Grao Medio de Vídeo Disc-jockey e Son , cunha organización en módulos que conduce á obtención de títulos con validez académica e profesional, referidos ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

Nas ensinanzas de persoas adultas:

EBI nivel I , destinadas a persoas adultas que necesiten adquirir técnicas básicas de lectura, escritura e cálculo. EBI nivel II ensinanzas destinadas a persoas sen ningunha titulación que desexen acceder á educación secundaria para persoas adultas, seguir con garantía de éxito cursos de cualificación profesional ou potenciar a súa participación activa na vida social, cultural, política e económica.

ESA

Na Educación secundaria de Adultos levan ofertándose desde a LOE os 3 ámbitos que se ofertan a día de hoxe : Ámbito científico tecnolóxico, Ámbito da comunicación e Ámbito social.

Estes ámbitos facilitanlle ao alumnado a adquirir uns coñecementos teórico-instrumentais para acadar o Graduado en ESO e poder acceder a Ciclos Medios de FP ou a cursar o bacharelato de adultos.

BAC ADULTOS:

No Bacharelato de persoas adultas ofértanse as modalidades de Ciencias e Tecnoloxía, Ciencias Sociais e Humanidades cun abano de optativas moi inferior ao Bacharelato Ordinario, materias consensuadas na CCP que lle permitan ao alumnado acceder sobre todo a Ciclos Superiores de FP e tamén á Universidade. Como 1º idioma ofértase francés e inglés e artéllanse materias optativas máis atractivas e prácticas para atallar o absentismo e o abandono destas ensinanzas.

FP

As ensinanzas de Formación Profesional autorizadas no noso centro para persoas adultas artéllanse con oferta modular co CM de Vídeo Disc-jockey e Son, onde un curso se ofertan os módulos de primeiro e no seguinte os módulos de segundo

g. Os criterios para o deseño das actividades complementarias

Segundo o artigo 28 do Decreto 324/1996 establécese a figura del vicedirector ou vicedirectora como órgano de goberno unipersonal naqueles institutos que contén con dúas etapas educativas completas. Entre as competencias do vicedirector atópase as de organizar os actos académicos e coordinar a realización das actividades complementarias e extraescolares, segundo as directrices aprobadas polo Consello Escolar do instituto.

Considéranse complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Así cabe considerar as visitas, traballo de campo,

viaxes de estudo, conmemoracións e outras semellantes. E considéranse actividades extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro, entidades sen ánimo de lucro, asociacións culturais etc, se realizan fóra do horario lectivo. En ningún caso, o contido destas actividades pode ser igual ou similar ao dunha ensinanza oficial do currículo.

Cada departamento, co visto e prace de vicedirección, planificará ao comezo de curso o programa de actividades complementarias a desenvolver. Estas actividades estarán relacionadas co currículo do curso/nivel ao que vaian dirixidas, polo tanto adecuaranse ao recollido nas respectivas programacións didácticas. Para favorecer o desenvolvemento das actividades promoverase a súa interdisciplinaridade.

O Equipo Directivo facilitará ao vicedirector aqueles recursos humanos e materiais, que estean á súa disposición, para a realización de actividades. Os membros da comunidade educativa poderán participar nas actividades do departamento solicitándoo ao vicedirector, e en coordinación coa Xefatura de Estudos.

Para o desenvolvemento das actividades extraescolares que se realicen fóra da localidade onde está situado o centro, deberase contar cos seguintes requisitos:

1. Aprobación do Consello Escolar.
2. Autorización escrita do propio alumno/a maior de idade ou dos pais/nais
3. Os alumnos e alumnas serán acompañados polo profesorado correspondente na proporción dun profesor ou profesora por cada vinte alumnos. En calquera caso, o número mínimo de profesores e profesoras acompañantes será de dous.
4. O departamento ou profesor/a responsable de organizar a actividade será o encargado de buscar o profesorado acompañante. En todo caso, salvo causa extraordinaria, un dos acompañantes, polo menos, será dese departamento.
5. Os distintos departamentos procurarán organizar actividades conxuntas, sempre que sexa posible, para reducir custos. Tamén se poderá colaborar con outros centros para reducir custos. O titor/a

poderá delegar a organización noutro profesor que imparta clase no grupo.

6. As saídas organizadas para potenciar unha lingua estranxeira serán organizadas pola Vicedirección e polos departamentos correspondentes a estas linguas.
7. O profesorado, cando organice unha actividade, enviará por escrito a Vicedirección a solicitude pertinente.
8. Aprobada a actividade, farase pública vía correo electrónico ao claustro e/ou no taboleiro colocado ao efecto no corredor da sala do profesorado. Así mesmo, elaborárase unha lista do alumnado que participa na actividade.

Planificación e xestión das actividades complementarias e extraescolares

Os departamentos didácticos especificarán nas súas programacións anuais a relación das actividades complementarias previstas tendo presente as seguintes consideracións:

1. Co fin de facilitar a organización do curso desde a Vicedirección, farán constar nas programacións, ademais da identificación da actividade, as datas aproximadas de realización e os cursos implicados.
2. As únicas actividades que se poderán engadir ao longo do curso serán as de carácter extraordinario, isto é, aquelas que dependan de convocatorias publicadas durante o curso.
3. É conveniente buscar a coordinación entre departamentos para rendabilizar as actividades. Os departamentos didácticos serán os encargados de planificar as súas actividades, é dicir, correrá ao seu cargo concertar as visitas coas institucións ou organismos correspondentes, o que inclúe a fixación de datas e horarios e a relación do alumnado implicado e do profesorado acompañante.

Nesta planificación, os departamentos terán en conta as seguintes cuestións:

1. Como norma xeral, para que unha actividade poida levarse a cabo debe estar implicado o 75 % do alumnado, aplicada esta porcentaxe de forma independente a cada unha das materias involucradas. Nesta porcentaxe non se computarán os alumnos que por razóns disciplinarias non poidan asistir.
2. De maneira excepcional, esta porcentaxe non será de aplicación se a actividade é parte dun proxecto desenvolto no IES que implique a varios niveis.
3. Existe a posibilidade, previa petición ou non dos departamentos, de que a Dirección do centro poida vetar a participación nas actividades complementarias do alumnado con sancións disciplinarias. En casos puntuais estas sancións serán revisadas antes da actividade para analizar se o alumno/a reconduciu a súa conducta, abrindo a posibilidade de permitir a súa participación.

Esta planificación comunicaráse por escrito á Vicedirección como mínimo con dúas semanas de antelación á data de realización da actividade. As responsabilidades de vicedirección serán a xestión do transporte (pode ser compartida co profesorado ou departamentos participantes), a xestión da recollida de achegas do alumnado e a comunicación pública da actividade nos taboleiros do profesorado, o que inclúe a elaboración das listas de asistentes.

Recollida de cartos e autorizacións:

1. Será responsabilidade da Vicedirección do centro a entrega das fotocopias ao alumnado do impreso de autorización para participar nestas actividades; realizarase en canto sexa comunicada á Vicedirección a súa planificación por parte dos departamentos.
2. A entrega de cartos e autorizacións por parte do alumnado efectuarase no prazo sinalado no impreso da autorización. Serán os responsables da

actividade os encargados de recoller os cartos ou xustificantes bancarios do ingreso e as autorizacións e entregalos ao secretario.

3. De non mediar causa xustificada e por escrito os cartos entregados non serán devoltos ao alumnado no caso de que este decida non participar a posteriori na actividade.
4. A anulación da actividade implica a devolución dos cartos recadados.

Especificacións para o día da actividade:

1. O alumnado que non participe nela permanecerá na aula co profesorado correspondente á hora lectiva (ou, na súa ausencia, co profesorado de garda).
2. Aquelas actividades desenvolvidas dentro do centro e que non supoñan desembolso económico serán obrigatorias para o alumnado ao que se dirixe. Neste caso, o alumnado será acompañado polo profesorado que nese momento teña clase co grupo e/ou polo profesor/a organizador/a de dita actividade.
3. Non se poderá impartir materia nova ao alumnado que quedou no centro en prexuízo do que participa na actividade.
4. É requirimento inescusable acudir puntualmente ás actividades; no caso de retrasos inxustificados, pérdese o dereito á asistencia (e, consecuentemente, non existe posibilidade de reclamar a devolución dos cartos).

Despois da actividade, tanto o profesorado como unha representación do alumnado que participou nela realizarán unha valoración por escrito; esta valoración será entregada á Vicedirección co obxecto de elaborar a memoria do curso e a planificación do vindeiro.

Indicacións específicas para as actividades complementarias desenvolvidas no centro ou no ámbito do concello:

1. As actividades complementarias realizadas no centro terán lugar, polo xeral, na Aula Magna, no Salón de Actos ou nunha aula habilitada para tal evento. Aquelas actividades realizadas fóra do centro pero nos

límites do concello serán xestionadas previamente para que o local onde se realice cumpra todas as medidas de seguridade pertinentes.

2. O profesorado acompañante do alumnado será, en principio, o asignado polo departamento, co visto e prace de vicedirección. No caso de actividades moi numerosas, o profesorado implicado será o que tivese clase co alumnado nas respectivas horas abrangidas pola actividade.
3. O profesorado de garda será responsable do alumnado que non participe na actividade.

Indicacións para as actividades complementarias asociadas á celebración do Samaín, Nadal, Entroido, fin de curso e outros eventos

1. Estas datas poden ser obxecto de celebracións excepcionais organizadas tanto polo profesorado como polo alumnado.
2. Tanto o profesorado como o alumnado encargaranse de comunicar calquera previsión de actividades á Vicedirección do centro cunha semana de adianto á data correspondente, como mínimo.
3. O profesorado ten a obriga de cumprir co seu horario nas devanditas datas.

Indicacións específicas para a regulación das actividades complementarias

1. Como norma xeral, nos dez días lectivos previos á data de cada avaliación non se poderán realizar actividades extraescolares ou complementarias que interfiran co horario lectivo, salvo que as probas da avaliación estean rematadas. De xeito excepcional e sempre consensuadas cos profesores/as das materias afectadas, poderíanse levar a cabo actividades propostas por entidades, procesos concursivos ou agrupacións culturais externos ao centro cunha data fixa e sen posibilidade de desenvolverse noutra data.

Indicacións específicas para a excursión de fin de curso (4º de ESO)

1. A viaxe de estudos é unha actividade proposta polo centro e organizada polo/s titor/es en coordinación co vicedirector. Estes analizarán a

conveniencia ou non da súa organización vistas as circunstancias concurrentes en cada curso escolar.

2. Ten como obxectivos o enriquecemento cultural e a convivencia entre o alumnado, aproveitándose estas viaxes para visitar monumentos, museos, xardíns botánicos, parques naturais, industrias etc.
3. As datas de realización deberán marcarse coa suficiente antelación para planificar exames, exames de pendentos etc.
4. Por parte de Vicedirección ofreceranse ao alumnado rutas alternativas que fomenten a máxima participación.
5. As datas de realización da viaxe estarán en función do lugar que se visite e da menor interrupción da actividade lectiva.
6. Poderán participar nestas actividades todos os/as alumnos/as, agás aqueles que fosen suspendidos deste dereito por decisión do/a Director/a ou o/a Xefe/a de Estudos, unha vez oídos o/a alumno/a e o/a titor/a.

Consideracións sobre o comportamento do alumnado na viaxe de estudos

1. Durante a viaxe o alumnado deberá cumprir con todo rigor o programa de actividades establecido, mantendo en todo momento un comportamento correcto e respectando aos seus compañeiros/as e profesores/as, así como ás persoas e costumes do lugar visitado.
2. O alumnado deberá respectar as seguintes prohibicións expresas: consumo de alcohol, consumo e distribución de calquera tipo de drogas. Tampouco se permitirá que provoque altercados ou escándalos e que non respecte o mobiliario e as instalacións dos lugares que se visitan.
3. O non cumprimento das normas anteriores terá as seguintes consecuencias:
 - Expulsión inmediata da viaxe e regreso do/a alumno/a ao seu domicilio. O custo económico desta medida correrá a cargo do/a alumno/a.

- Apertura de expediente disciplinario. O custo económico dos danos provocados polo mal uso das instalacións será aboado polo/a alumno/a.

Procedemento para a asignación de prazas nas viaxes de intercambios organizados por Vicedirección

Nas actividades organizadas polo Equipo directivo do IES Arcebispo Xelmírez I establecerase o seguinte protocolo:

En 1º da ESO realizarase un sorteo puro con todos os alumnos que queiran realizar o intercambio. No caso de quedar alguén na lista de reserva, esta persoa terá preferencia ao ano seguinte, no caso de que exista outro intercambio das mesmas características; o resto dos interesados entrarán noutro sorteo coas prazas dispoñibles. Así sucesivamente se existisen intercambios en 3º da ESO e en 4º da ESO.

No caso do Intercambio con Noruega, a realizar durante o mes de setembro os alumnos/as de 1º de BACH elixidos determinaranse pola media aritmética entre a nota media da ESO e a dos catro cursos de lingua inglesa (ou no seu defecto da lingua estranxeira que fose) cursado tamén na ESO.

Procedemento para a asignación de prazas nas viaxes organizados polos departamentos

O proceso selectivo de prazas nas viaxes de estudos organizadas polos departamentos será decidido polos profesores/as que organizan dita actividade. En todo caso, a organización das actividades complementarias rexerese polo principio de distribución equilibrada ao longo do curso para cada nivel educativo e para os alumnos/as.

h. Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

Marco Legal:

- Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, artigo 25.3.
- Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, artigo 23.3.
- Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes de Galicia, artigo 51.
- Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación do currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, polo que se establece a ordenación do currículo de educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa, artigo 7.
- Resolución do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24.

No artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes de Galicia, establécese o plan

de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar:

1. O alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.
2. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.
3. O plan de reforzo debe incluír, cando menos: a) Identificación da alumna ou do alumno. b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar. c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación. d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento. e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento. f) Tarefas para realizar, coa debida temporización. g) Seguimento e avaliación. h) Acreditación da información á familia.
4. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación. Profesorado responsable de levar a cabo estas medidas. O calendario de traballo, as actividades e os exames previstos serán consensuados polo

departamento e coordinado por cada xefa/xefe. Esta/e poderá convocar o alumnado pendente a reunións puntuais para informalo de probas, exames, horario de atención... A atención ao alumnado con materias pendentes de cursos anteriores estará a cargo da xefa/e de departamento e/ou profesorado do grupo ao que pertencen, que dará as oportunas orientacións sobre as actividades a realizar, atenderá as dúbidas e será responsábel da entrega, recollida, corrección e devolución das actividades programadas e da comunicación ás familias. Para facilitar a atención á diversidade, o profesorado do grupo pode propor actividades de reforzo específicas para os/as alumnos/as que o precisaren. O alumnado que por diversas razóns xa non curse a materia pendente estará a cargo do/a xefe/a de departamento. A avaliación final das materias pendentes será unha decisión conxunta que correrá a cargo de todos os membros do departamento.

Obrigas do alumnado:

Os/as alumnos/as con materias pendentes deben respectar escrupulosamente os prazos establecidos polo departamento no referente á entrega e recollida das actividades programadas. Sempre que o precisen, deben acudir ao profesorado responsábel para consultar dúbidas ou pedir calquera tipo de aclaración. Teñen que presentarse puntualmente aos exames na data e o lugar previstos. En caso de enfermidade, teñen que xustificar debidamente a súa ausencia.

A Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, polo que se establece a ordenación do currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa, dedica o artigo 11 as materias pendentes:

1. O alumnado que acade a promoción a segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso.
2. As programacións didácticas deberán recoller os procedementos de seguimento, recuperación e avaliación do alumnado con materias pendentes.

3. O departamento didáctico programará actividades e/ou probas de avaliación para verificar ao longo das avaliacións a superación desas materias.
 4. O seguimento e a avaliación das materias pendentes será realizado polo profesorado con atribución docente na materia, elixido polo departamento didáctico. Nas materias de continuidade, será elixido, preferentemente, o profesorado que lle imparta a materia no segundo curso. No resto de materias, será elixido, preferentemente, o profesorado que teña coñecemento do proceso de aprendizaxe e da realidade educativa da alumna ou do alumno por terlle impartido docencia no curso anterior ou por impartirlle docencia no curso actual.
 5. A avaliación final das materias pendentes terá que ser anterior á das materias de segundo curso.
- i. Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso**

Seguindo o establecido no artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, cando unha alumna ou un alumno de educación secundaria obrigatoria permaneza un ano máis no mesmo curso debe seguir un plan específico personalizado, que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan desenvolverase ao longo de todo o curso, será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e deberá incluír, cando menos:

- Identificación da alumna ou alumno
- Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.

- Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaranse os axustes que procedan. Ao final de curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e aproveitamento.

Para o alumnado de Bacherelato e Ciclos Formativos de Grao Medio que non promocióne e deba permanecer un ano máis no mesmo curso seguirá un plan específico personalizado, orientado á superación das dificultades detectadas no curso anterior. Cada profesor/a establecerá os reforzos necesarios para o alumnado que o necesite e deixará constancia na memoria final do departamento.

Obxectivos:

- Asegurar as aprendizaxes básicas que lles permitan seguir con aproveitamento as ensinanzas da etapa.
- Facilitar unha ensinanza adaptada aos seus intereses, que sexan motivadoras e que busquen a aprendizaxe significativa a través da súa conexión co seu entorno social e cultural.
- Mellorar as capacidades e competencias clave.
- Mellorar a súa integración social, no grupo e no centro.
- Aumentar as expectativas académicas do alumnado.
- Facilitar a adquisición de hábitos de organización e constancia no traballo.
- Desenvolver actitudes positivas cara o traballo e a superación das dificultades persoais e académicas.

Actuacións cara este alumnado:

- Valoración dos resultados de cada avaliación.
- Introducción de melloras , se proceder.
- Seguimento ao longo dos diferentes trimestres.

Seguimento:

O seguimento dos programas específicos/individualizados será realizado polo profesorado implicado seguindo un calendario de reunións:

- Sesión de avaliación inicial: establecerase o perfil do alumnado e o estilo de aprendizaxe, punto de partida para elaborar o plan individualizado.
- Reunións periódicas dos equipos docentes, nas que se realizará un seguimento dos plans elaborados e o avance do alumno/a. Facer mención especial á adquisición das Competencias Clave en cada unha das materias.
- Reunións trimestrais, facéndolas coincidir coas sesións de avaliación.

A Xefatura de Estudos encargarse de levar un rexistro do alumnado repetidor e será a encargada de que o profesorado deixe constancia dos aspectos máis significativos en torno á evolución do alumnado coa intención de garantir o seguimento en cursos posteriores.

Avaliación:

A avaliación dos obxectivos alcanzados polo alumnado realizarase de diversas maneiras:

- Comprobar o grao de realización de actividades teórico-instrumentais e traballo diario na aula.
- Observación directa do alumnado nas sesións de titoría individualizada, participación, capacidade de traballo en equipo, hábitos de traballo, comunicación cos compañeiros e compañeiras....
- Controis puntuais.

j. Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

Os criterios xerais para a avaliación, a promoción e a titulación na educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, foron aprobados en CCP, seguindo a Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, polo que se establece a ordenación do currículo de educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa e a Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, polo que se establece a ordenación do currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Promoción na E.S.O.

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.
2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:
 - a. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
 - b. Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, das materias ou ámbitos

- con avaliación negativa non sexa superior a dez. Non considerándose para estes efectos as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.
- c. Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
 - d. Que o equipo docente considere que ten expectativas favorábeis de recuperación.
 - e. Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.
3. O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha das materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.
 4. Para a elaboración e o seguimento do plan de reforzo a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Titulación na E.S.O.

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias establecidas e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 24.1 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, e tendo en conta os criterios de titulación.
2. Obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do

título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
 - b. Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias clave establecidas no perfil de saída.
 - c. Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa. Para estes efectos, nos se poderá fixar número nin tipoloxía de materias non superadas.
3. O título de graduado en educación secundaria obrigatoria será único e expedirase sen cualificación.

Promoción en bacharelato

Conforme ao artigo 23 do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia

1. Ao finalizar o primeiro curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente de cada alumna ou alumno adoptará a decisión sobre a súa promoción ao segundo curso.
2. As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo. Para estes efectos, só se computarán as materias nas que estea matriculado o alumno ou alumna.
3. Alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso. Os centros educativos organizarán as consecuentes actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes tendo en conta que a avaliación destas materias terá que ser anterior á das materias de segundo curso.

4. As alumnas e os alumnos do primeiro curso de bacharelato que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.
5. A superación das materias de segundo curso que se indican no anexo III do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, estará condicionada á superación das correspondentes materias de primeiro curso indicadas no devandito anexo, por implicar continuidade. Non obstante, dentro dunha mesma modalidade ou vía, o alumnado poderá matricularse de materias troncais de opción ou específicas de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que a alumna ou o alumno reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo. En caso contrario, deberá cursar a materia de primeiro curso, que terá a consideración de materia pendente, aínda que non será computable para os efectos de modificar as condicións en que acadou a promoción a segundo.
6. As alumnas e os alumnos que ao termo do segundo curso tivesen avaliación negativa nalgunhas materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas ou poderán optar, así mesmo, por repetir o curso completo. Neste último caso, non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno tivera superado previamente.

Título de bacharelato

Segundo o artigo 24 do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia:

1. O título de bacharelato acredita o logro dos obxectivos establecidos para a etapa e a adquisición das competencias correspondentes
2. Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.

3. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharelato por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:
 - a. Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.
 - b. Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.
 - c. Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
 - d. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerárase a nota numérica obtida na materia non superada.
4. O título de bacharelato será único e expedirase con expresión da modalidade cursada e da nota media obtida, que se obterá calculando a media aritmética das cualificacións de todas as materias cursadas, expresada nunha escala de 0 a 10 con dous decimais, redondeada á centésima.
5. Para os efectos do cálculo da nota media para o alumnado que cambia de modalidade ou de materia en segundo curso, só se terán en conta as cualificacións das materias cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata.

En canto as ensinanzas de Formación profesional cando un alumno ou alumna non logre a promoción deberá repetir os módulos profesionais non superados, para o cal deberá formalizar a matrícula no mesmo curso e se incorporará ao grupo de alumnado correspondente.

O alumnado que, logo da repetición de primeiro curso no mesmo centro, non obtiver avaliación positiva para a promoción ao segundo curso ou que, despois da repetición do segundo curso no mesmo centro, non conseguise titularse por ter módulos pendentes de primeiro e/ou de segundo, poderá completar os módulos profesionais non superados e así concluír os seus estudos solicitando a admisión noutro centro. Non obstante, poderase formalizar unha terceira ou unha cuarta matrícula do mesmo curso no mesmo centro, sempre que existan prazas dispoñíbeis e non haxa listaxe de espera.

Para a realización do módulo de Formación en Centros de Traballo, é necesaria a avaliación positiva en todos os restantes módulos profesionais que compoñen o ciclo formativo.

O alumnado de 2º curso que non poida acceder á FCT no período ordinario por ter módulos pendentes de 1º e/ou 2º curso poderá recuperalos neste mesmo período. Para este fin, o equipo docente asignaralle unha serie de actividades de recuperación para os módulos non superados, con indicación expresa da data final en que serán avaliados.

Se o/a alumno/a non superou positivamente o módulo abandonará a empresa sen poder realizar a FCT até que teña superado o citado módulo.

Crterios de promoción na FP básica.

O alumnado matriculado no centro terá dereito a un máximo de dúas convocatorias anuais en cada un dos catro anos en que pode estar a cursar estas ensinanzas para superar os módulos en que estiver matriculado, excepto o módulo de formación en centros de traballo, que poderá ser obxecto de avaliación unicamente en dúas convocatorias.

Os alumnos e as alumnas, sen superaren o prazo máximo establecido de permanencia, poderán repetir cada curso unha soa vez como máximo, aínda que, excepcionalmente, poderán repetir un dos cursos unha segunda vez, logo do informe favorábel do equipo docente.

O alumno ou a alumna poderá obter a promoción a segundo curso cando os módulos profesionais asociados a unidades de competencia pendentes

non superen o 20% do horario semanal e superase o Módulo de Comunicación e Sociedade I ou o Módulo de Ciencias Aplicadas I; con todo, deberá matricularse dos módulos profesionais pendentes de primeiro curso. O centro deberá organizar as consecuentes actividades de recuperación e avaliación dos módulos profesionais pendentes.

O módulo de formación en centros de traballo, con independencia do momento en que se realice, avaliarase logo de alcanzada a avaliación positiva nos módulos profesionais asociados ás unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no período de formación en centros de traballo correspondente.

Segundo o artigo 29.5 da Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, polo que se establece a ordenación do currículo de educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa, a superación da totalidade dos ámbitos incluídos nun ciclo de FPB conducirá á obtención do título de Graduado en ESO.

Conforme á Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, polo que se establece a ordenación do currículo de educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

k. Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

Matrícula de Honra en 2º de Bacharelato

Os alumnos e as alumnas que obtivesen no 2º curso de bacharelato unha nota media igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de Matrícula de Honra. A dita mención concederáselle a un número de alumnas/os non superior ao 5% do total de alumnado deste curso e por estrita orde de puntuación. En caso de empate, teranse en conta as cualificacións obtidas no 1º curso de bacharelato.

Para este cálculo, contarase de xeito independente para o réxime ordinario e para o de adultos. No caso do réxime de persoas adultas,

contarase soamente o alumnado matriculado en ensino de adultos cuxa matrícula lle permita obter o título de bacharel ao finalizar o curso.

Se houberse máis candidatos/as á distinción de matrícula de honra das que fora posíbel conceder, os criterios para outorgalas serán os seguintes: Os alumnos/as candidatos ordenarase de maior a menor nota media do curso de 2º de bacharelato e, en caso de empate, ordenaranse pola media do 1º curso.

Matrícula de honra na ESO

As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro no cuarto curso. En todo caso, cando no instituto o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra. Se houberse máis candidatos/as á distinción de matrícula de honra das que fora posíbel conceder, os criterios para outorgalas serán os seguintes: Os alumnos/as candidatos ordenarase de maior a menor nota media do cuarto curso da ESO, e iranse outorgando as matrículas de honra dispoñíbeis seguindo esta listaxe.

No caso de empate na nota media do cuarto curso da ESO, outorgaráselle matrícula de honra ao alumno ou alumna con maior nota media da etapa.

Matrícula de honra nos Ciclos Formativos

Consonte o establecido no artigo 26.4 da Orde do 12 de xullo de 2011, pola que se desenvolve a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de FP, os alumnos e as alumnas que obteñan unha nota final do ciclo formativo igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación do alumno ou da alumna. O número de matrículas de honra que se poderán conceder en cada ciclo por

cada grupo de alumnos/as matriculados/as con opción a titularse nun determinado ciclo formativo no curso académico será como máximo dúas. Non obstante, no caso de que o número de alumnos e alumnas matriculados/as con opción a titularse no ciclo formativo no curso académico sexa inferior a vinte, só se poderá conceder unha matrícula de honra. Para estes efectos, e dado que o alumnado pode titular en diferentes períodos do curso académico, a mención de matrícula de honra só poderá realizarse no mes de xuño logo de realizada a avaliación final de módulos correspondente. No caso de que o alumnado beneficiario rematase o ciclo formativo noutro mes do curso, a mención de matrícula de honra será consignada cunha dilixencia nos documentos de avaliación do alumno ou da alumna.

Se houberse máis candidatos/as á distinción de matrícula de honra das que for posíbel conceder, os criterios para outorgalas serán os seguintes:

1. As alumnas e os alumnos candidatos ordenaranse de maior a menor segundo a nota final do ciclo, e iranse outorgando as matrículas de honra dispoñíbeis seguindo esta listaxe.
2. No caso de empate na nota final do ciclo, a matrícula de honra outorgarase segundo criterio do equipo docente, tendo en consideración os seguintes criterios:
 - 1ª) Nota media de título máis alta
 - 2ª) Nota media de segundo curso máis alta
 - 3ª) Nota media de primeiro curso máis alta
 - 4ª) Valoración do esforzo realizado polo/a alumno/a nos módulos teórico-instrumentais e no módulo da FCT.

I. As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

Todas as programacións deberán conter os seguintes apartados:

1. Introducción
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias
- 3.1. Relación de unidades didácticas
- 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

3.3. Avaliación das unidades didácticas

4.1. Concrecións metodolóxicas

4.2. Materiais e recursos didácticos

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

6. Medidas de atención á diversidade

7.1. Concreción dos elementos transversais

7.2. Actividades complementarias

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

9.1. Distribución CA por UD (por OBX)

9.2. Distribución CA por UD (por Bloque)

9.3. Orientacións pedagóxicas: Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

Criterios para avaliar as programacións:

- Teranse en conta os precedentes e indicadores recollidos a continuación: As aprendizaxes acadadas polo alumnado.
- As medidas de atención á diversidade aplicadas.
- A programación e o seu desenvolvemento, a organización da aula, o aproveitamento dos recursos do centro e os procedementos de avaliación do alumnado. (Os resultados obtidos polos alumnos e alumnas serán o punto de partida para continuar avanzando no currículo)

Todas as programacións didácticas serán descargadas en formato pdf da plataforma Proens ou Edu.programacións e estarán públicas na aula virtual e

na páxina web do centro segundo o departamento ao que corresponda cada unha.

Igualmente, o centro disporá dun documento modelo no que cada materia por curso recollerá os criterios de cualificación e información xeral sobre a recuperación de materias pendentes. Este cadro resumo facilitarase cando menos na páxina web para que estean accesibles a toda a comunidade educativa, e ao alumnado a través da aula virtual e páxina web.

Á hora de que o profesorado elabore as programacións didácticas debe ter en conta os aspectos recollidos nesta concreción curricular relativos, principalmente, á adquisición das competencias, consecución dos obxectivos, criterios pedagóxicos, e elementos transversais

m. Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

A participación neste tipo de actividades depende en gran medida do equipo humano do centro, das súas necesidades, inxedanzas e a súa voluntariedade.

O equipo directivo é o elemento transmisor da oferta anual, anima vivamente a participar e facilita, na medida do posíbel, a posta en marcha e o desenvolvemento das distintas iniciativas.

Os criterios fundamentais, compartidos por toda a comunidade educativa, son os seguintes:

- Afondar nas nosas orixes para afianzar a nosa identidade e poder respectar a dos demais.
- Internacionalizar a nosa educación de cara a promover a formación integral e mellorar as expectativas profesionais.
- Tomar parte activa na xestión de conflitos para mellorar a convivencia e o desenvolvemento persoal
- Colaborar con organismos e institucións de carácter autonómico e estatal (Consellería, Concello de Santiago, Deputación de A Coruña, CAFI, SEPIE) e de ámbito internacional (UNICEF, UNESCO, UE) que nos permitan o acceso a recursos e formación.

- Manter a formación continua dos/das docentes para poder afrontar os retos educativos actuais e mellorar a nosa experiencia profesional. Promover a cooperación entre os distintos departamentos.
- Lograr unha mellor competencia dixital para o profesorado e o alumnado.

O Equipo Directivo fomentará a continuidade da participación nos Contratos Programa de todo o centro, pois actualmente constitúen unha importante dotación económica para os centros públicos e constitúen un dos eixos dinamizadores do centro. A coordinación dos diferentes Contratos Programa ofértase na 1ª reunión de Claustro sempre que non fose asignado no claustro de final de curso e conta con liberación horaria cando o permitan as necesidades docentes.

O Consello Escolar é informado e aproba a participación do centro nos diferentes proxectos, plans e programas.

Á hora de participar nos diferentes plans, proxectos e programas educativos temos en conta:

- O profesorado participante
- Os eixos vertebradores do centro: atención á diversidade, convivencia e igualdade, criterios pedagóxicos
- A repercusión no alumnado
- O maior número de alumnado participante
- O grao de compromiso dos diferentes sectores da comunidade escolar.

Por todo isto, os plans, proxectos e programas nos que participamos son os seguintes:

1. A convivencia e a igualdade, a sustentabilidade, a excelencia. A vida saudable ..., piares fundamentais no centro; a convivencia, non como medio, senón como fin. De aí que se apoie a participación en Contratos programa INCLÚE-T e CPINNOVA e en Plans Proxecta tamén relacionados con este eixo.
2. Fomento das linguas estranxeiras polo que tamén se prima a participación en proxectos de fomento de linguas estranxeiras, como o

Digital Week, Erasmus+, Taith, programas e-twinning, que fomenten a adquisición de competencia plurilingüe ao mesmo tempo que desenvolven outras destrezas e habilidades.

3. Plans e proxectos que fomenten a lectura: Club de lectura tanto para alumnado de ESO, de Bacharelato como de familias. Iniciativas que xorden dende a biblioteca e que abarcan a todo o alumnado para promover a alfabetización informacional e mediática.
4. Fomento da participación en aqueles plans e proxectos que estean relacionados co audiovisual, dado que somos o único centro da contorna que oferta ciclos de imaxe e son. Para a participación en calquera outro plan, proxecto ou programa, teranse en conta os criterios mencionados ao comezo deste apartado.
5. Club de Ciencia 2023/24 dándolle continuidade.
6. Intercambios Escolares. Programa EduExchanges presencial 2023-2024, tamén en continuidade
7. Acreditación LE alumnado de centros públicos, continuación desde o curso 2022-23

n. O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

A revisión da concreción curricular do centro corresponde ao Claustro e realizarase a comezo de curso co profesorado que forme parte dese órgano antes da elaboración das programacións dun novo curso. É o claustro o responsábel da elaboración dunha lista de control para a súa futura avaliación.

En canto á avaliación da concreción a Comisión de Coordinación Pedagóxica informa e, a avaliación e propostas para o curso seguinte realízase ao claustro e profesoras e profesores. Realízase a finais de curso coas modificacións que se consideren oportunas para o curso seguinte.

A análise levarase a cabo partindo dos seguintes indicadores de logro:

- Valoración do seguimento das programacións didácticas.

- Análise dos resultados da avaliación do curso nas distintas materias por grupos.
- Adecuación dos materiais e recursos didácticos e a súa distribución.
- Revisión da secuenciación de contidos e dos criterios de avaliación asociados.
- Valoración da práctica docente e contribución dos métodos pedagóxicos e as medidas de atención á diversidade aplicadas.

o. Outros apartados

ANPA

No IES A. Xelmírez I existe unha ANPA que ten bastante actividade no centro e é moi receptiva. Un dos obxectivos é seguir traballando estreitamente con esta institución, como parte esencial de colaboración entre todas e todos creando sinerxías que afonden na mellora dunha escola pública.